

Intervención de Xabier Pérez Davila ao remate da manifestación convocada por MODEPEN e apoiada por un feixe de movementos sociais en defensa da suba anual das pensións e do decreto-lei do escudo social.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2026, 13 horas, diante da sede do PP

Bos días a todas e a todos. Hoxe é necesario comentar 3 cuestións moi importantes relacionadas coa defensa do sistema público de pensións:

A primeira, a importancia e os éxitos da nosa mobilización social.

Despois, quero analizar os retos que temos para o futuro.

E, por último, quero lembrar algunhas das importantísimas mobilizacións que se están a dar en moitos lugares do mundo

No ano 2018 gobernaba o Partido Popular. E o Partido Popular aprobou unha lei que incluía o que deu en chamar factor de sostibilidade e o índice de revalorización das pensións.

Traducido á linguaxe común. Cal era o obxectivo do Partido Popular? Conxelar as nosas pensións, as pensións de 700 mil galegas e galegos e de case 10 millóns de pensionistas en todo o Estado. O PP pretendía conxelalas durante unha década, subíndoas cada ano un 0,25% ...

Agora pensade un momento o que tería significado para o poder adquisitivo de 700 mil galegas e galegos e para case 10 millóns de pensionistas, unha de cada cinco persoa en todo o Estado...

Dez anos de conxelación das pensións e o noso poder adquisitivo tería caído dunha maneira drástica e brutal e atévome a dicir que iso non sería só un problema para as persoas pensionistas, sería un problema para as súas familias, máis causaría tamén un problema de demanda para a o conxunto da economía. Eu teño publicados datos por comarca dos centos de millóns de euros que se introducen na economía do Morrazo, do Baixo Miño, da comarca de Vigo, de calquera bisbarra galega a través do sistema público de pensións.

Ben, esa era a intención do Partido Popular: conxelar as nosas pensións durante unha década ... saímos á rúa por milleiros e destruimos o intento do Partido Popular e de esa vitoria ... de esa vitoria depende que hoxe teñamos un poder adquisitivo mínimo co que facemos fronte, por exemplo, á suba disparada dos prezos dos alimentos. Foi un éxito extraordinario. E incluíu, e isto hai que lembralo, que as pensións mínimas e non contributivas leven varios anos con subidas ben importantes por riba do IPC.

Porque as pensión mínimas e as non contributivas teñen que subir máis aceleradamente até, como reivindicamos, se igualaren ao Salario Mínimo Interprofesional. Polo tanto somos responsábeis, nós e milleiros máis, dunha vitoria importantísima. Infrinxímoslle unha derrota ao Partido Popular e aos señores das finanzas. Ben ese era a primeira cuestión que quería tratar.

Os retos que temos de cara ao futuro é a segunda cuestión que pensei en tratar. De cara ao futuro, que retos temos? Hai un intento, claro, explícito e declarado de diminuír en toda Europa o gasto social, e en concreto o gasto en pensións, para destinar ese diñeiro, esas partidas ao incremento do gasto militar. Non é unha afirmación que faga eu ... ritual, non. Declarouno con toda claridade Mark Rutte, ese servil e noxento vasalo de Donald Trump que nos humilla a tódalas europeas e a tódolos europeos. (Aplausos)

Ben. Debemos tomalo moi en serio (berros de OTAN non, Bases Fóra!)

Debemos tomar moi en serio as declaracións de Mark Rutte o mesmo que as da Comisaria de Servizos Financeiros, comisaria da Comisión Europea, Maria Luís Albuquerque.

Cal é o obxectivo? O obxectivo é diminuír o gasto en pensións públicas, para substituíren as pensións públicas por fondos privados de capitalización. Ese é o seu obxectivo estratéxico. Teñen xa moi avanzada a privatización da sanidade, teñen xa moi avanzada a privatización da dependencia, da atención ás persoas dependentes, aceleran na privatización do sistema de educativo, comezaron polo Ensino Primario, e polo Ensino Secundario.

Agora avanza a grande velocidade na privatización da Formación Profesional e na privatización dos estudos universitarios.

Que vai significar isto? Que se un mozo, ou unha moza, dunha familia traballadora ou de clase media/baixa ten un 12 na selectividade non vai poder estudar, aínda que queira, Medicina.

Máis se un mozo ou unha moza do 10 ou do 20% das familias máis ricas ten un 5 na selectividade e a súa familia pode pagar 24.000 euros cada ano, poderá ser médico ou médica. Un dos obxectivos da privatización das universidades é romper a mínima igualdade de oportunidades que existe.

Avanza na privatización da sanidade, da dependencia, na educación. Cústalles moito máis, non só no Estado español senón en Europa, entrar na privatización das pensións.

É o seu próximo obxectivo, exprésao con claridade Mark Rutte, exprésao con claridade a comisaria de servizos financeiros, Albuquerque.

Temos que pensar que este vai ser o gran reto que temos por diante. Máis outro. Vai haber eleccións xerais, non sabemos se en un ano, en 6 meses ou en 18, vai haber elección xerais. E os resultados de Extremadura e Andalucía, anuncian un importante aumento dunhas forzas de dereita cada vez menos democráticas, sóbralles a carauta de democráticas, e cada vez máis claramente de dereita extrema, con tintas fascistas. (aplausos)

Non debemos dar por seguro que vaia haber esa mudanza de goberno. Queren. Eles queren crear o que se chama unha Profecía Auto-cumprida. Que quere dicir unha Profecía Auto-cumprida? Afirmar unha e outra e outra vez como vai ser o futuro para que interioricemos que o único futuro posíbel é o que eles queren.

Tede por seguro unha cousa, se chegan ao goberno, van atacar todo tipo de dereitos laborais, de dereitos das mulleres, de servizos públicos, e mesmo, estámolo vendo en Italia, estámolo vendo nos EE.UU. de exercicio de liberdades democráticas. Neste sentido a mobilización social é imprescindible, máis tamén é imprescindible a mobilización electoral. Con esta xente no goberno, con Trump no goberno, con Milei no goberno, todo se fai máis difícil, entón, cando nos digan na cafetería ou na barra dun bar,

ou nolo digan nun salón de peiteado, que son todos iguais ... tede por certo que a persoa que afirma que son todos iguais vota á dereita e á extrema dereita. Non podemos deixar, non podemos abandonar a rúa, máis tampouco podemos abandonar os votos, non renunciámos a dar ningunha loita, nós damos e daremos todos os combates.

E por último, dixen que ía tratar 3 cuestións ... A última ... A última....

O medios de comunicación e agora as redes sociais, son medios de comunicación CAPITALISTAS, porque son propiedade dos grandes empresarios ... e se necesitásemos un exemplo claro e incontestábel, aí temos a ese psicópata que se chama Elon Musk propietario da rede social X ... e eses medios teñen por misión difundir que no mundo non hai máis que ascenso da extrema dereita ... e agochan as mobilizacións populares ... e eu quero rematar facendo unha brevísima relación de mobilizacións populares importantísimas, algunhas das cales os medios de comunicación están agochando ... e quéroo facer ... cunha intención moi concreta, que nos fagamos conscientes de que non estamos soas, de que non estamos sós ... que hai moita xente no mundo, xente popular que se opón a este avance da extrema dereita ... a ese intento de volvernos ao século XIX ...

Así que vou citar algunhas das mobilizacións ás que os medios de comunicación dan pouca repercusión, e quero comezar por Bélxica, Bruxelas ... no mes de outubro convocouse en Bélxica unha folga xeral, e isto é simbolicamente moi importante porque Bruxelas é o corazón de Europa, é a capital de Europa, alí está a sede das principais institución europeas.

En outubro, paréceme que foi o 24 de outubro, ocuparon as rúas e as avenidas de Bruxelas 140.000 traballadores e traballadoras, que se manifestaban contra o endurecemento da prestación por desemprego, contra o intento de desvincular as subas dos salarios do IPC e contra o endurecemento das condicións de acceso ás pensións públicas ... 140.000 ...

Que levante a man aquí quen grazas aos medios de comunicación tivo noticia desta mobilización ... (non se levanta man ningunha), ese é o papel real dos medios de des-información de masas.

A cousa non acabou aí, no mes seguinte, en novembro, houbo en Bélxica outros tres días de folga xeral ... xente coma nós que defende os seus dereitos.

O 11 de decembro, a primeira folga xeral en décadas, con seguimento masiva na nosa veciña Portugal, a mobilización dos irmáns e das irmás portuguesas, traballadores e traballadoras ocupando as rúas en defensa dos seus dereitos

O 12 de decembro en Italia....

E esta si que recibe máis interese informativo, a valentía da xente popular de Minneápolis que pon o seu corpo, os seus dispositivos electrónicos e a súa intelixencia para defender as persoas migrantes enfrontándose a ese sátrapa que é Donald Trump.

Quero rematar, se a gorxa mo permite, referíndome a unha última mobilización que están agochando os medios de comunicación ... En Suecia, en Suecia, un grupo moi pequeno duns 100 mecánicos de Tesla levan máis de 2 anos en folga ... máis de 2 anos de folga ... (aplausos).

Quen sabía disto tamén?, quen sabía disto? Medios de des-información de masas.

Ben, só un apunte, máis de dous anos en folga ... Por que están en folga eses heroes? Porque eles son verdadeiros heroes ... porque o gorila, e non debería eu falar mal dos gorilas, ese gorila que se chama Elon Musk, son mecánicos de Tesla e négase a asinar un convenio colectivo con eses mecánicos.

Nos países nórdicos a taxa de afiliación sindical é moi alta da orde do 70% ... e teñen unha tradición secular da negociación das condicións de traballo ... É unha característica esencial da súa conciencia de clase. Non son escravos, son Seres Humanos ... e un Ser Humano negocia as condicións en que vende a súa forza de traballo ... Elon Musk négase a asinar un convenio, e os obreiros, os traballadores, os mecánicos de Tesla, coa axuda, coa solidariedade doutras seccións sindicais resisten e levan máis de dous anos....

E unha última reflexión...

Que é a Unión Europea ... Que é a Comisión Europea?

É que non temos soberanía 450 millóns de cidadás e cidadáns para dicirlle a Elon Musk que en Europa, respéctase desde hai cen anos o dereito á negociación colectiva e respéctase ás traballadoras e traballadores como Seres Humanos?

E nós tamén loitamos, por iso nestes días celebramos a vitoria, agardamos que definitiva, do pobo galego fronte aos intentos do goberno do Partido Popular de implantar no corazón da Galiza, na Ulloa, unha industria extractiva e destrutora do medio natural e social.

E remato xa ... estamos aquí mobilizándonos ... non somos moitos ... non somos moitos ...

Que se atrevan, que se atrevan a volver a conxelar as pensións ... a ver por canto nos multiplicamos (sinala a sede do PP) ... e non estamos sós ... hai xente en Bélxica, hai xente en Italia, hai xente en Portugal, hai xente en Bolivia, hai xente na Arxentina, hai xente en Suecia, en Minneápolis, que resiste ... porque alí onde se ameaza a igualdade social, os dereitos adquiridos e as liberdades, aí nace a resistencia, e nós non somos outra cousa que parte desa resistencia.

VIVA A LOITA SOCIAL !!!!!